


ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Viena s/n 15707 Santiago de Compostela

Sentenza núm. 00160/2012

N11600

NIX: 15078 45 3 2011 0000728

Procedemento: Procedemento abreviado núm. 0000321/2011

Sobre: Administración institucional e corporativa

De D./D.^a: Sindicato Nacional de Comisiōns Obreiras de Galicia, Confederación Intersindical Galega

Letrado/a: Lidia de la Iglesia Aza, Héctor López de Castro Ruiz

Procurador/a D./D.^a:

Contra D./D.^a: Universidade de Santiago de Compostela

Letrado/a:

Procurador/a D./D.^a:

Procedemento abreviado núm. 321/2011 (ao que se acumulou o 437/2011)

SENTENZA


En Santiago de Compostela, o once de abril de dous mil doce

Foron vistos por min, a Ilma. Sra. D.^a Carmen Veiras Suárez, maxistrada xuíza do Xulgado Contencioso Administrativo Núm. 1 dos de Santiago de Compostela, os presentes autos do recurso contencioso administrativo tramitados como procedemento abreviado núm. 321/2011 (ao que se acumulou o 437/2011), interposto pola Confederación Intersindical Galega (CIG), representada e asistida polo letrado D. Héctor López de Castro Ruiz e a Federación de Ensino do Sindicato Nacional CCOO de Galicia, representada e asistida pola letrada D.^a Lidia de la Iglesia Aza; nel, como demandada, figura a Universidade de Santiago de Compostela (USC), representada e asistida polo letrado dos seus servizos xurídicos. O dito recurso interpúxose para impugnar a resolución do Reitorado da USC, que convocabía o concurso público para contratar persoal que especificamente colaborase en actividades de investigación (convocatoria 3/2011).


ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. A CIG interpuxo o recurso contencioso administrativo, co número 321/2011, contra a resolución do Reitorado da USC, con data do 4 de marzo de 2011, pola que se convoca o concurso público para contratar persoal que especificamente colabore en actividades de investigación. Na demanda solicitase que se acolla o recurso, declarando a nulidade ou, subsidiariamente, a anulabilidade da resolución obxecto de recurso, cos efectos inherentes.

Por parte da Federación de Ensino do Sindicato Nacional CCOO de Galicia interpúxose o recurso, co número 437/2010, contra a resolución do día 28.04.11, pola que se rexeitou o recurso de reposición contra a convocatoria pública 3/2011, no que solicita que se dite unha sentenza pola que se declare a nulidade ou, subsidiariamente, a anulabilidade do apartado nove



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

da convocatoria, e, xa que logo, se retrotraian as actuacións ao momento de aprobación, e tamén que se recoñeza o dereito dos aspirantes aos que se refire a demanda a participar no proceso selectivo en condicións de igualdade verbo do resto dos aspirantes.

Mediante auto deste xulgado, con data do 07.10.11, acordouse acumular ambos os procedementos.

Segundo. O acto da vista, no cal compareceron as partes, celebrouse o día 9 de abril de 2012. A parte recorrente ratificouse nas súas pretensións e opúxose a elles o letrado da Administración demandada. Posteriormente abriuse o período de probas e practicáronse as declaradas admitidas, de entre as propostas polas partes, co resultado que figura na acta redactada para tal efecto.

Terceiro. A contía do recurso obxecto de axuizamento fixouse en indeterminada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Impúgnase a resolución do Reitorado da USC, con data do 4 de marzo de 2011, pola que se convoca o concurso público para contratar persoal que especificamente colabore en actividades de investigación. O obxecto do recurso é a alínea 9 da convocatoria, que recolle as cláusulas de exclusión e establece que: «Serán excluídos os candidatos que estivesen nalgúnha das seguintes situacións: a) Ter estado vinculado coa USC, mediante un ou varios contratos temporais por un tempo igual ou superior a 36 meses» e «b) no suposto de que a vinculación indicada no apartado a) fose inferior a 36 meses o contrato derivado deste procedemento farase por un período máximo que, sumado aos anteriores, non supere os 36 meses.»

Segundo. Na demanda da CIG expõe que a convocatoria incorre en fraude de lei ao pretender evitar a conversión en indefinidos de determinados traballadores por alcanzar certo período de tempo prestando servizos para a USC, e, en consecuencia, que cando se produza o cesamento non se lle aboe a correspondente indemnización de 45 días por ano traballado, incorrendo en desviación de poder e infrinxindo o dereito fundamental de igualdade no acceso aos postos e cargos públicos e o dereito ao traballo. Na demanda da Federación de Ensino de CCOO de Galicia alérgase que a resolución impugnada incorre en desviación de poder e vulnera o dereito fundamental de igualdade, mérito e capacidade no acceso a funcións públicas e tamén o dereito ao traballo, e que debe declararse a resolución impugnada nula por discriminatoria.

Terceiro. O letrado da USC alega que coa inclusión da cláusula que se impugna se trata de evitar que concorran situacións de contratación que orixinen unha futura declaración de relacións laborais indefinidas, sen existencia dun previo procedemento ordinario de selección do persoal ao servizo das Administracións públicas, tratándose, nese caso, de contratacións convencionais de natureza temporal, que afectan a actividades de investigación con substancialidade propia e diferenciada da actividade ordinaria, e que se pretende evitar que, como consecuencia de contratacións irregulares, resulte a obriga de creación de prazas e a súa inclusión na RPT, coa conseguinte dotación económica. De aí que se trate de evitar que pola vía da contratación temporal se produza un incremento de prazas no cadro de persoal, que careza de soporte orzamentario, facéndose mención á situación económica da USC e expoñendo que non hai desviación de poder nin fraude de lei, dado que o que se pretende é precisamente evitar non incorrer na situación recollida na normativa laboral que ten como última consecuencia un incremento de prazas inadecuadas co financiamento actual.

Cuarto. A Lei 43/2006, do 26 de maio, de mellora de crecemento do emprego tivo como un dos seus obxectivos un maior grao de axuste da normativa sobre contratación temporal á directiva



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA




ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA


1999/70/CE, do Consello, do 28 de xuño, relativa ao Acordo marco da CES, a UNICE e o CEEP, sobre o traballo de duración determinada.

O artigo 1.a) da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo introduce unha serie de medidas que perseguen restrinxir o uso inxustificado da contratación temporal e favorecer unha utilización máis extensa da contratación indefinida, e dispón: «Cuando se contrate al traballador para la realización de una obra o servicio determinados, con autonomía y sustantividade propia dentro de la actividad de la empresa y cuya ejecución, aunque limitada en el tiempo, sea en principio de duración incierta. Estos contratos no podrán tener una duración superior a tres años ampliable hasta doce meses más por convenio colectivo de ámbito sectorial estatal o, en su defecto, por convenio colectivo sectorial de ámbito inferior. Transcurridos estos plazos, los trabajadores adquirirán la condición de trabajadores fixos de la empresa. Los convenios colectivos sectoriales estatales y de ámbito inferior, incluidos los convenios de empresa, podrán identificar aquellos trabajos o tareas con sustantividade propia dentro de la actividad normal de la empresa que puedan cubrirse con contratos de esta naturaleza». O apartado 5 do artigo 15 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, queda redactado da seguinte maneira: «Sen prexulzo do disposto nos apartados 1.a), 2 e 3 deste artigo, os traballadores que nun período de trinta meses estivesen contratados durante un prazo superior a vinte e catro meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo coa mesma empresa ou grupo de empresas, mediante dous ou máis contratos temporais, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, adquirirán a condición de traballadores fixos». A disposición adicional decimoquinta do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, establece: «1. O disposto no artigo 15.1.a) en materia de duración máxima do contrato por obra ou servizo determinados e no artigo 15.5 sobre límites ao encadeamento de contratos desta lei producirá efectos no ámbito das Administracións públicas e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes, sen prexulzo da aplicación dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público, polo que non será obstáculo para a obriga de proceder á cobertura dos postos de traballo de que se trate a través dos procedementos ordinarios, de acordo co establecido na normativa aplicable. / En cumprimento desta previsión, o traballador continuarán desempeñando o posto que viña ocupando ata que se proceda á súa cobertura polos procedementos antes indicados, momento no que se producirá a extinción da relación laboral, salvo que o mencionado traballador acceda a emprego público, superando o correspondente proceso selectivo. / 2. Non obstante o previsto no apartado anterior, o disposto no artigo 15.1.a) en materia de duración máxima do contrato por obra ou servizo determinados non será de aplicación aos contratos celebrados polas Administracións públicas e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes, nin ás modalidades particulares de contrato de traballo previstas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (RCL 2001, 3178), de universidades, ou en calquera outra norma con rango de lei cando estean vinculados a un proxecto específico de investigación ou de investimento de duración superior a tres anos. / 3. Para a aplicación do límite ao encadeamento de contratos previsto no artigo 15.5, só se terán en conta os contratos celebrados no ámbito de cada unha das Administracións públicas sen que formen parte delas, para estes efectos, os organismos públicos, axencias e demás entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes delas. En todo caso, o disposto no devandito artigo 15.5 non será de aplicación respecto das modalidades particulares de contrato de traballo contempladas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades ou en calquera outra norma con rango de lei.»

O art. 48 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, di: "As Universidades poderán contratar persoal docente e investigador en réxime laboral, a través das modalidades de contratación laboral específicas do ámbito universitario que se regulan nesta Lei ou mediante as modalidades previstas no Estatuto dos traballadores para a substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo. Tamén poderán contratar persoal investigador, técnico ou outro persoal, a través do contrato de traballo por obra ou servizo determinado, para o desenvolvemento



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

de proxectos de investigación científica ou técnica. Así mesmo, as universidades poderán nomear profesoras e profesores eméritos nas condicións previstas nesta lei. / 2. As modalidades de contratación laboral específicas do ámbito universitario son as que se corresponden coas figuras de axudante, profesor axudante doutor, profesor contratado doutor, profesor asociado e profesor visitante".


Quinto. Da normativa á que se fixo mención resulta que as universidades poden contratar persoal docente a través das modalidades de contratación laboral específicas do ámbito universitario que se regulan na Lei orgánica 6/2001, e tamén poderán contratar persoal investigador, técnico ou outro persoal a través do contrato por obra ou por servizo determinado, para o desenvolvemento de proxectos de investigación científica ou técnica, e neste caso trátase dunha convocatoria de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato de obra ou servizo determinado, o que se debe poñer en relación coa normativa que se contén na Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo e, en concreto, cos límites temporais e axustes contidos na dita lei para os contratos para obra ou servizo determinado.

A xurisprudencia da orde social veu aclarando que o decisivo neste tipo de contratos temporais é que a obra ou servizo determinado, en concreto cada proxecto de investigación, estea debidamente identificado e teña autonomía e substantividade, é dicir: que sexa unha actividade delimitada e que o traballador sexa ocupado nas tarefas propias dese proxecto e non normalmente noutras diferentes, sendo irrelevante que as tarefas concretas que hai que realizar dentro de cada proxecto poidan ser de natureza similar, precisándose que pode existir unha contratación para obra ou servizo determinado para a mesma actividade habitual sempre e cando as tarefas obxecto do contrato teñan esa substantividade e autonomía, é dicir: que permitan a súa individualización dentro da actividade habitual e sexan limitadas e acoutadas no tempo, de maneira que, ao se cumpliren eses requisitos, non existe fraude de lei na contratación.


Tras aclarar esa cuestión, e ao se acudir á contratación mediante contratos de obra ou servizo determinado, a Administración ten que cumplir os límites temporais para ese tipo de contratación contidos no art. 15.1.a e no apartado 5 do art. 15 do Estatuto dos traballadores na súa actual redacción dada pola reiterada Lei 35/2010, do 17 de setembro; límites que tamén rexen para as universidades, como se infire da disposición adicional quinta do Estatuto dos traballadores, na súa actual redacción, na que se establece que o disposto no art. 15.1.a) en materia de duración máxima do contrato para obra ou servizos determinados non será de aplicación ás modalidades particulares de contrato de traballo contempladas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades ou en calquera outra norma con rango de lei cando estean vinculadas a un proxecto específico de investigación ou de investimento de duración superior a tres anos, e que o disposto no art. 15.5 será de aplicación respecto das modalidades particulares de traballo contempladas na dita Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, ou calquera outra norma con rango de lei.

Resulta garantida unha situación xurídica de igualdade no acceso ás funcións públicas, que leva consigo a imposibilidade de establecer requisitos para acceder a elles que teñan carácter discriminatorio, outorgándose un dereito para impugnar toda norma ou aplicación concreta dunha norma que quebre a igualdade, contido material que se traduce en determinados condicionamentos dos procesos selectivos á Administración, incluídos os que atinxen ao persoal laboral, se ben foi obxecto de discussión a incidencia do art. 32.2 da CE no caso da contratación temporal das Administracións.

Neste caso, o exame das causas de exclusión que contén o apartado noveno da convocatoria evidencia que contradíen de maneira evidente os límites contidos no art. 15.1.a) e 15.5 do Estatuto dos traballadores, na redacción dada pola Lei 35/2010, do 17 de setembro, e debe advertirse que os límites temporais que se establecen no Estatuto dos traballadores e os



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

axustes que tratan de evitar o encadeamento sucesivo de contratos temporais non se poden traducir nunha limitación de acceso ou causa de exclusión, tal e como sucede na convocatoria que se impugna, sendo así que a USC debe de cumplir a normativa laboral para a contratación por obra ou servizo determinado, e a ese respecto, no art. 10.3 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, se reitera a necesidade do cumprimento da lexislación laboral vixente nos supostos de contratación laboral temporal por parte da Administración.


Fronte á imposibilidade de establecer esas causas de exclusión na convocatoria de que se trata, a Administración no acto da vista, fai mención á disposición adicional 15ª do Estatuto dos traballadores, pero precisamente esa disposición adicional advírtelos que os límites establecidos para o contrato por obra ou servizo determinado e o encadeamento de contratos terán efectos nas Administracións públicas, sen prexulzo da aplicación dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público, polo que non será obstáculo para a obriga de proceder á cobertura dos postos de traballo de que se trata a través dos procedementos ordinarios, de acordo co establecido na normativa aplicable.

Por parte do letrado da Administración alégase que o que se pretende coa inclusión dessa cláusula é evitar que se incorra nunha situación que a norma laboral pretende erradicar, evitando que concorran situacions de contratación que poidan dar lugar a unha futura declaración de relacións laborais indefinidas sen a existencia dun previo procedemento ordinario de selección de persoal, pero resulta indubidable que se o temor que ten a Administración é que esos límites temporais establecidos para a contratación e encadeamento de contratos de obra ou servizo determinado poida ser o camiño para converter esa contratación temporal nunha contratación laboral indefinida, isto é significativo de que na convocatoria se acudiu a un mecanismo equivocado e inadecuado de contratación laboral temporal.


As causas de exclusión contraveñen a normativa laboral á que se fixo mención e non se pode protexer a actuación da USC na reforma laboral, que amais expresamente se refire, para limitar a súa aplicación ás modalidades particulares de determinados contratos contemplados na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro; non se aprecia arbitrariedade nin tampouco se constata nin se achegan datos que constitúan elementos obxectivos que sirvan como indicios que nun enlace preciso e directo evidencien a pretendida desviación de poder, e non se achegou o soporte fáctico necesario, carga que lle incumbe a quien denuncie a existencia dessa situación, senón que o que en realidade sucede é que, como quedou exposto, se acudiu na convocatoria a un mecanismo, o da contratación laboral temporal mediante contrato de obra ou servizo determinado, que ten unha determinada normativa que necesariamente ten que cumplirse, en relación co límite temporal e o encadeamento sucesivo de contratos, sen que tampouco poida servir de escusa ou apelar a circunstancias temporais ou á situación actual de redución drástica do financiamento das universidades públicas, que non acollen o establecemento de determinadas causas de exclusión, como as contidas na convocatoria, cuxa finalidade non serve para protexer tal restrición na participación, que non está xustificada en ningunha razón ou motivo válido.

Por todo o exposto, deben admitirse os recursos interpuestos, no sentido de anular a convocatoria pública 3/2011, de concurso para a contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato de obra ou servizo determinado, aprobada polo Reitorado da USC con data do 4 de marzo de 2011, e, en particular o apartado número 9 da devandita convocatoria.

Sexto. De conformidade co disposto no artigo 139.1 de la Lei xurisdiccional, non se fai especial pronunciamento en materia de custas, ao non se apreciar neste caso as circunstancias de temeridade ou mala fe que se indican no aludido precepto,



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

Tras ver os preceptos legais citados e os demais de xeral e pertinente aplicación,

DECISIÓN


1º Acóllense os recursos contencioso administrativos interpostos pola Confederación Intersindical Galega (CIG) e a Federación de Ensino do Sindicato Nacional CCOO de Galicia contra a convocatoria pública 3/2011 de concurso para a contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato de obra ou servizo determinado, aprobada polo Reitorado da Universidade de Santiago de Compostela con data do 4 de marzo de 2011.

2º Anúllase a devandita convocatoria impugnada, e, en particular, o apartado número 9, relativo ás causas de exclusión.


3º Non se fai expresa imposición de custas.

Notifíqueselles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra ela cabe interpoñer recurso de apelación, admisible en ambos os efectos, ante o Excmo. Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deberá presentarse por escrito, no prazo de 15 días, que comenzarán a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, en cuxo caso haberá que constituir o depósito de 50,00 € na forma prevista na disposición adicional 15ª da Lei orgánica do poder xudicial, engadida pola Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro (*BOE* do 4 de novembro de 2009), agás nos supostos previstos no punto 5 da devandita disposición adicional. A cantidade obxecto de depósito deberá consignarse na entidade de crédito 'Banesto', conta de depósitos e consignacións deste xulgado (núm. 0076) referida ao presente procedemento, e especificar no campo 'concepto', do documento resgado de ingreso, que se trata dun recurso e o tipo concreto do recurso de que se trata; no presente caso 22 (apelación). Se o ingreso se fai mediante transferencia bancaria o código (22) e o tipo concreto de recurso (apelación) debe indicarse xustamente despois de especificar os 16 díxitos da conta expediente (separado por un espazo). E, se a parte realizase ingresos en distintos conceptos, deberá efectuar unha operación por cada ingreso e acreditar tamén que constituíu o depósito para recorrer mediante a presentación de copia do resgado ou orde de ingreso.

Así o pronuncio e mando por esta miña sentenza, da que se levará testemuño aos autos principais, que asino.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

Publicación. A anterior sentenza foi lida e publicada pola xufza que a subscribe ao celebrar audiencia pública no día de hoxe, que é o da súa data. Dou fe.